



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso Superior de Administración Electrónica

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Históricos EGAP

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	114
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2010
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	SUPERIOR	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 10/02/2010 - 00:00h ao 19/02/2010 - 00:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Este curso pretende afondar, desde unha perspectiva técnico-xurídica a concepción da administración electrónica, incidindo na importancia que ten a súa implantación nas distintas administracións da nosa comunidade. Os contidos do programa enfocarán desde distintas perspectivas a administración electrónica para que os/as destinatarios/as adquiren ou perfeccionen os coñecementos teóricos e prácticos da Informática e do Dereito completando a súa formación no Dereito da Informática.

DESTINATARIOS

Empregados/as públicos/as das administracións públicas de Galicia, tanto Autonómica como Local e de Xustiza, e das universidades do Sistema Universitario de Galicia que cumpran algún dos seguintes requisitos:

- 1) Pertencer ao grupo A (Subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario, ou aos grupos I e II do persoal laboral incluído no ámbito de aplicación do V Convenio Colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.
- 2) Pertencer ao grupo C (Subgrupo C1) do persoal funcionario ou III do persoal laboral incluído no ámbito de aplicación do V Convenio Colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia e estar en posesión do título de ciclo superior de Formación Profesional relacionado coa informática.

Este curso valorarase con 1,5 puntos a aqueles alumnos/as aprobados/as que cumpran os requisitos para a aplicación do establecido na Resolución do 26 de outubro de 1994, do Instituto Nacional de Administración Pública, pola que se determinan os criterios de recoñecemento e valoración dos cursos de Administración Local, en cumprimento do disposto na Orde do 10 de agosto de 1994, do Ministerio para as Administracións Públicas, e tamén do establecido no Decreto 136/1997, da Xunta de Galicia, do 5 de xuño, sobre a determinación dos méritos que corresponde fixar á comunidade autónoma nos concursos para a provisión de prazas reservadas a funcionarios/as de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

PROGRAMA

* Sesión 1: Introducción aos sistemas de información. Concepto de sistema de información. Elementos dun sistema de información. Estrutura dun sistema de información: niveis operativo, táctico e estratéxico. Perfís dos sistemas de información: sistemas de información para a xestión, sistemas de apoio ás decisións. Evolución dos sistemas de información.

* Sesión 2: Introducción ás redes de Telecomunicacións. Rede de área local. Rede de área extensa. Rede de transporte. Rede de acceso. Redes fixas (RDSI, ADSL, Cable, PLC, MetroEthernet). Redes inalámbricas (Bluetooth, Wibree, Wireless USB, Wifi, IP-OFDM, Radioenlaces, Satélite, Wimax). Redes móbiles (GPRS, UMTS, HSPA, LTE). Redes privadas virtuais. Convergencia Telecomunicacións. Rede de datos da Xunta de Galicia.

* Sesión 3: Introducción aos sistemas para a toma de decisións. Sistemas de xestión de procesos de negocio (BPM). Sistemas de planificación de recursos empresariais (ERP). Sistema para a xestión das relacións cos clientes (CRM). Sistemas de intelixencia de negocio (BI).

* Sesión 4: Introducción a Internet. Navegadores. Servizos tradicionais en Internet: motores de búsqueda, correo

electrónico, foros, chat, mensaxería instantánea. Web 2.0: Redes sociais, Blogs, Wikis, Comunidades virtuais, sindicación de contidos, podcast, modelos de TV en Internet, intercambio de vídeos, fotos, enlaces, folksonomías, suites de Web Office, calendarios, almacenamento en web, escritorios virtuais, mapas, mashups, widgets, mundos virtuais, P2P.

* Sesión 5: Software Libre e de código de fontes abertas (FLOSS). Historia do software libre. A comunidade do software libre. Ámbitos do uso do software libre. O modelo de desenvolvemento do software libre. Estratexias de negocio baseadas no software libre. Software libre vs software privativo. Mitos do software libre. GNU / Linux. Criterios de aplicación FLOSS na Administración Pública de Galicia.

* Sesión 6.1: Sistemas especializados: Sistemas expertos. Sistemas de Xestión Documental. Sistemas de Información Xeográfica.

* Sesión 6.2: Novas Tecnoloxías: o futuro. Netbooks. Libros electrónicos. Web Semántica. Intelixencia ambiental. Software como servizo (SaaS). Cloud computing. Grid Computing. Integración de servizos táctiles.

* Sesión 7: Introducción. Administración pública e intimidade persoal e familiar dos/as cidadáns/dás. Dereitos constitucionais e a súa regulación legal. Problemática nos distintos sectores da actividade administrativa.

* Sesión 8: Procedemento administrativo e intimidade. Dereito de acceso a arquivos e rexistros.

* Sesión 9: Fundamentos éticos e xurídicos das TIC. Implicacións éticas e xurídicas das TIC e da Sociedade da Información e do Coñecemento. Regulación nacional, comunitaria e internacional do tratamento informatizado dos datos persoais. Iniciativas normativas dirixidas a eliminar as barreiras existentes á expansión e uso das tecnoloxías da información e das comunicacións e para garantir os dereitos dos/as cidadáns/dás na nova sociedade da información. O segredo profesional e outras obrigas xurídicas e a responsabilidade derivada do seu incumprimento.

* Sesión 10: Comercio electrónico e contratación informática. Patentes Marcas e dominios de internet

* Sesión 11: Protección de datos de carácter persoal. Valor do consentimento. O deber de información ao interesado/a. -Datos relativos á saúde. - Ficheiros de titularidade pública. -Ficheiros das forzas e corpos de seguridade. Ficheiros de titularidade privada.-

* Sesión 12: Principios de protección de datos.- Calidade. O exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición. Movemento internacional de datos.-

* Sesión 13: Auditoría, ditames e peritaxes informáticos. Normativa e impulso da sociedade da información. Exercicio dos dereitos da cidadanía potencialmente afectados polas TICs. Os informes, ditames e peritacións.

* Sesión 14: Dirección estratéxica das TIC. Teletraballo, e-government e outros aspectos do dereito en Internet. Planificación e elaboración da estratexia TIC, aliándoa no plan estratéxico da empresa. Uso de forma efectiva da terminoloxía de negocio.

MÉTODO: Presentar e relacionar cuestións tecnolóxicas de forma comprensible para a alta dirección. Comprender a perspectiva que sobre as cuestións da TI ten a alta dirección. Avaliar o impacto actual e potencial da información e a TI sobre a empresa e o seu sector. Aspectos técnicos, sociolaborais e legais do teletraballo.

Métodos de procesamento electrónico e uso de medios de comunicación. Tipos de actividades a desenvolver. Dereito Penal da informática.

* Sesión 15: Conceptos Básicos de Seguridade. O concepto de seguridade. Seguridade física. Seguridade na canle de comunicación. Seguridade da información. Seguridade da identidade. A seguridade como proceso. A Seguridade Física. Principais ameazas. O Data Center. A Instalación eléctrica. Sistema de climatización. Sistema de cableado datos. Detección e extinción de incendios. Control de accesos e presenza. Sistema de video vixilancia. Chan técnico.

* Sesión 16: Criptografía e Algoritmos Criptográficos. Conceptos de criptografía. Historia e obxectivos da Criptografía. Algoritmos criptográficos (Cifrado simétrico e asimétrico).

* Sesión 17: Infraestrutura de Clave Pública (PKI). ComRELATORs. Autoridades de certificación. Funcións da entidade certificadores. A autoridade de rexistro. Políticas de certificación. Xeración dos certificados. Tipos de Certificado. Selos de tempo.

* Sesión 18: Dispositivos e Soportes de Almacenamento de Clave Privada. O D.N.I. Electrónico. Marco legal. Usos. Extensión. Arquitectura. A tarxeta sanitaria. Marco legal. Usos. Extensión. Arquitectura.

* Sesión 19: Taller – Mecanismos de seguridade
A seguridade nas Comunicacións. Comunicacións cifradas. Detección de intrusionas. Protección contra ataques da rede. A seguridade nos Sistemas de Almacenamento da Información. Mecanismos de seguridade a nivel de disco. Salvaguarda da información. Continxencia e recuperación ante desastre Retención e inalterabilidade da información.

* Sesión 20: Principais ameazas e ataques. Virus. Gusanos. Troianos. Suplantación da identidade.

* Sesión 21: Introducción á Administración Electrónica. Que é a administración electrónica. Lei 11/2007 para o Acceso Electrónico dos/as Cidadáns/dás ás Administracións Públicas. Definicións. Finalidades e principios. Os dereitos dos/as cidadáns/dás a relacionarse por medios electrónicos. O marco Europeo.

* Sesión 22: Linguaxe e conceptos tecnolóxicos básicos na administración electrónica. Xestión electrónica de procedementos. O expediente electrónico. O rexistro electrónico. O arquivo electrónico de documentos. Notificacións Telemáticas. Compulsa dixital. O portal do tramitador. Elementos a LAECSP e o seu reflexo nos elementos tecnolóxicos.

- * Sesión 23: Coordinación interadministrativa. Interoperabilidade. Esquema Nacional de Interoperabilidade. Inventario de Información Administrativa. Marco xeral de Interoperabilidade entre as administracións públicas. A administración pública integral.
- * Sesión 24: Servizos de Administración electrónica nas administracións públicas. O desenvolvemento da Administración Electrónica na prestación de servizos: 060. Axencia Tributaria (AEAT). Seguridade Social. Catastro. Dirección Xeral de Tráfico (DGT).
- * Sesión 25: Adaptación da Administración á LAECSP. Administración Pública Dixital. Regulación normativa. Normativa autonómica para a Administración Electrónica. Directivas de Servizos. Xanelas Únicas. Adaptación do procedemento administrativo: Racionalización e simplificación administrativa: Inventario de procedementos, de documentos e datos relativos aos/ás cidadáns/dás.
- * Sesión 26: Seguridade e identidade dixital.
Identidade dixital na administración electrónica. Identidade dixital. Identificación e autenticación do/a cidadán/dá, do administrador e da Administración. Firma electrónica. DNle e a Administración Electrónica. Esquema Nacional de Seguridade.
Estrategia de Seguridade en la Xunta de Galicia. Situación Actual. Obxectivos. Liñas de Actuación. Servizos do Centro Criptolóxico Nacional.
Políticas de posto de funcionario/a. Incidencias de Seguridade. Normas de participación na seguridade. Uso dos recursos informáticos. Creación e mantemento de contrasinais. Protección antivirus. Normas de seguridade física. Normas de intercambio de información. Almacenamento e traspaso de ficheiros. Normas de actuación en Seguridade na Xunta de Galicia: Decreto polo que se establecen ás normas de boas prácticas na utilización dos sistemas de información da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. A importancia da formación, a sensibilización e a concienciación dos/as usuarios/as.
- * Sesión 27: A Administración Electrónica e o/a cidadán/dá. Internet como canle de acceso á Administración Electrónica. A presentación telemática. Sede Electrónica. Servizos de Sede: Guía do/a cidadán/dá. Carpeta do/a Cidadán/dá. Publicacións electrónicas de Boletíns Oficiais. Multicanalidade. Catálogos de portais.
- * Sesión 28: Taller de plataformas de tramitación electrónica. Situación de plataformas de tramitación electrónica. O software libre na administración electrónica.
- * Sesión 29: Taller de Servizos Públicos ao/á cidadán/dá na Internet: Portais temáticos de Servizos Públicos na Administración Autónoma de Galicia.
- * Sesión 30: A administración electrónica e a empresa. Factura e licitación electrónicas. Regulación normativa. Rexistro de contratistas. Perfil do contratante. A plataforma de contratos de Galicia.
- * Sesión 31: Taller de administración electrónica no ámbito dos concellos. Condicionantes específicos para a posta en marcha e servizos de administración electrónica no ámbito da administración local. Experiencias en concellos de Galicia.
- * Sesión 32: A Sociedade da Información. Situación actual da Sociedade da Información (SI) en Galicia. A SI e os/as cidadáns/dás. A SI e as empresas. A SI e a Administración. Evolución futura.
- * Sesión 33: A observación. Funcións dos observatorios. Indicadores e métodos de observación. OSIMGA: Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización.
- * Sesión 34: Estratexia para o desenvolvemento da sociedade da información en Galicia.
- * Sesión 35: Sistemas GIS. Servizos GIS na administración e Servizos GIS para a cidadanía * Sesión 36: Escenarios de evolución. Evolución da Administración Electrónica. Modelo de crecemento. Coordinación e tecnoloxía. Niveis de madureza. Folla de Ruta. O novo marco europeo.
- * Sesión 37: Sociedade da Información. As Axendas Dixitais e as ALD. Estratexias para o desenvolvemento da Sociedade da Información no contexto da cidade e a súa relación cos seus cidadáns/dás.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Os participantes serán seleccionados por unha comisión técnica, designada ao efecto, cuxa composición será publicada no portal web da EGAP.

Para a admisión neste curso terán prioridade os empregados públicos cuxo posto de traballo estea directamente vinculado coas materias obxecto do mesmo, que se acreditará mediante as certificacións do titular do Centro Directivo ou da Xefatura Territorial na que preste servizos.

A efectos de selección terase en conta o grao de responsabilidade asignado en función do posto de traballo.

En calquera caso, esta convocatoria rexerese subsidiariamente polos criterios de participación nas actividades docentes da EGAP, contidos na Resolución de 4 de xaneiro de 2008 da EGAP, publicada no DOG nº 7 de 10 de xaneiro.

3. DATOS EDICIÓN

T01

LOCALIDADE: SANTIAGO DE COMPOSTELA

INICIO / FIN: 26/02/2010 a 15/07/2010

NUM. PRAZAS: 64

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

Miguel Angel Molinero Alvarez

JOAQUÍN CAYÓN DE LAS CUEVAS

MIGUEL ANGEL OTERO DAPENA

Fernando Suárez Lorenzo

JESÚS RODRÍGUEZ CASTRO

JORGE PRADO CASAL

Francisco Javier Sánchez Caro

David Larios Risco

ALFREDO FRANCO PIÑEIRO

JOSÉ MANUEL CEPERUELO CIÉRCOLES

LUIS JESUS VAZQUEZ FORNO

YOLANDA GARCÍA ULLA

JOSE ANDRES FREIRE DAPENA

DIEGO MIGUEL HERNANDEZ GALLARDO

JAIME BARROS LEBOREIRO

ELENA BARBA PAN

JOSE MARIA ARES ABALO

JUAN OTERO POMBO

Xosé Antón Campos Silva

PABLO GARCÍA MEXIA

JAVIER ALBERTOS BENAYAS

Javier Quiles del Río

José Manuel Fernández García

CARLOS VÁZQUEZ MARIÑO

EFREN ARIAS JORDAN

Juan Carlos Forján Gómez

María José Garcia Sexto

ANTONIO JURADO PEREZ

RAFAEL ÁLVARO MILLÁN CALENTI

MANUEL PILLADO QUINTANS

Juan Antonio Valiño García

Marcos Valiño García

JOSÉ CASADO MELÉNDEZ

JOSÉ LUIS DÍEZ AGUADO

SARA MARÍA RODRIGUEZ CONESA

ACIO IT CONSULTING S.L.

FUNDACIÓN PARA O FOMENTO DA CALIDADE IND,E DESENVONVEMENTO TECNO.

MARIA BELEN FERREIRO ESTEBAN

BENIGNO ROSON CALVO

Luis Miguel García de la Oliva

Miguel Suárez Albares

Jaime Bouzada Romero

Jorge Barallat Quincoses

RUBÉN CID FERNÁNDEZ

Mauro Fernández Dabouza

MONTAÑA MERCHAN ARRIBAS

CARLOS ALBERTO NAYA GUZMÁN